

Variedades xeográficas da lingua galega

Como xa vimos, as linguas non son entidades uniformes e invariables, senón que varían tendo en conta:

- O tempo (variedades diacrónicas).
- A situación comunicativa (variedades diafásicas ou rexistros).
- A corrección lingüística debido ao nivel sociocultural (variedades diastráticas ou niveis).
- O lugar de onde é cada un (variedades diatópicas).

Ímonos centrar nestas últimas para o caso do galego. Concretamente, o territorio no que se fala a nosa lingua estrutúrase en tres bloques lingüísticos caracterizados por posuír unha serie de trazos relacionados coa pronuncia, a morfosintaxe e o léxico. A continuación pódelos ver no seguinte mapa.



1) O bloque occidental

Comprende as zonas costeiras máis occidentais das provincias da Coruña e Pontevedra. Os seus trazos máis importantes son:

- A **gheada**: pronuncia do son "gue" (*gato*, amigo) como un hache aspirado similar ao do inglés (**ghato**, **amigho**).
- O **seseo**: pronuncia do son "zeta" como "ese".
 - Seseo implosivo: ao final de sílaba (**lus**, **rapás**). É un trazo de practicamente todo o bloque.
 - Seseo explosivo: en todas as posicións posibles dentro da palabra (**faser**, **vesiño**). Dáse nas zonas máis costeiras do bloque.

- O ditongo **-oi-** pronúnciase **-ui-** (*moito* > **muíto**, *troita* > **truíta**).
- Uso da terminación **-an(s)** para os dous xéneros (**o irmán / a irmán**).
- O plural das palabras masculinas rematadas en **-n** faise en **-ns** (**cans, avións**).
- Uso dos pronomes **ti** e **el**.

2) O bloque central

Esténdese polas zonas norte e interior da Coruña, o interior de Pontevedra e case a totalidade das provincias de Lugo e Ourense, agás ás súas comarcas máis orientais. A súa posición central fai que comparta trazos dos bloques occidental e oriental nas zonas limítrofes, polo que presenta características moi heteroxéneas:

- Presenza de **gheada**, aproximadamente, na metade oeste do bloque.
- Ausencia de **seseo**, agás o implosivo (**lus, des**) nalgúns zonas da Coruña e seseo explosivo na bisbarra de Santiago (**faser, vesiño**).
- O ditongo **-oi-** pronúnciase **-oi-** (**moito, troita**) de xeito maioritario no bloque.
- Uso da terminación **-ao(s)** para o masculino e **-á** para o feminino (**o irmao / a irmá**).
- O plural das palabras masculinas rematadas en **-n** faise en **-s** (**cas, avíos**).
- Uso do **tu** e **il** no sur do bloque.

3) O bloque oriental

Constitúeno o conxunto de falas da franxa oriental da provincia de Lugo e de Ourense e dos territorios fronteirizos con Galicia das provincias de Asturias, León e Zamora. Estas son as súas características máis salientables.

- Ausencia de **gheada** e de **seseo**.
- O ditongo **-oi-** pronúnciase **-ui-** ou **-u-** (*moito* > **muíto / muto**, *troita* > **truíta / truta**).
- Uso da terminación **-ao(s)** para o masculino e **-á** para o feminino (**o irmao / a irmá**).
- O plural das palabras masculinas rematadas en **-n** faise en **-is** (**caís, avioís**).
- Uso dos pronomes **tu** e **el**, tamén utilizan **il** na zona máis oriental do sur de Lugo e na zona do Bierzo.
- O sufixo diminutivo **-iño** do resto dos bloques substitúese por **-ín**.

Actividades propostas (menos a última, fainas todas no caderno).

1) Reescribe as seguintes oracións en galego estándar:

- a) Imos faguer eiquí eu e mais tu unha representación teatral.
- b) Ela atopou mutas cousas dentro dos caixois.
- c) Túa nai é meigha, teño medo dela.
- d) Cheguín tarde porque non me collestes no coche.
- e) Il escoitou pola noite unhas fortes explosiós.
- f) Nasín cando as prantas nasen, no mes das flores nasín.
- g) O ghato subiu ao tellado e a miña irmán chora por el.
- i) Fai xa muito tempo que non vexo ao guapín do teu irmao.

2) Sinala en que bloque dialectal se pronunciaría cada unha destas palabras tal e como aparecen aquí: *pantalois, sapato, camín, ghando, luita, curmao, camiós*.

3) O teísmo e o cheísmo son tamén dous trazos de carácter dialectal. A continuación vas ver dous vídeos sobre o seu uso. Despois responde as seguintes cuestións.

- En que consiste un e outro?
- En que zonas de Galiza se emprega cada un deles?

4) Lembra que, ao sermos cheístas, temos que aplicar un truco para saber cando debería ir o pronome persoal átono *te*. Este truco é o seguinte:

- Se podemos substituír o pronome polas formas do pronome persoal átono de CD **o / a / os / as**, a solución é **te**: *Vinte onte* → *Vino onte* (NON: **Vinlle onte*).
- Se podemos substituír o pronome polas formas do pronome persoal átono de CI **lle / les**, a solución é **che**: *Collinche unha chaqueta* → *Collinlle unha chaqueta* (NON: **Collino unha chaqueta*).

➤ Para poñer a regra en práctica, fai os seguintes exercicios sobre o uso de *te* e *che*.

- a) Repito___ que el non vén esta tarde.
- b) Non ___ preocupes polo que me dixo.
- c) Por fin ___ regalou o que ti tanto esperabas.
- d) Despois de ir buscalo, traía___ o disco para que o escoitases.
- e) Esperamos___ ata que deron as nove e media.
- f) Estábame explicando que ___ traía todos os días desde a vila.
- g) Ameazou___ desa maneira?
- h) Chamou___ parvo con razón.
- i) Conseguiu___ o que andabas buscando? Porque ___ vin moi preocupada.
- l) Realicei___ todas as xestións onte á tarde e aínda ___ queixas?
- m) Aconsellou___ mellor do que eu esperaba.
- n) Tróuxo___ xa os libro de texto que ___ encargara eu na librería?
- ñ) Como ___ atopas hoxe despois de que ___ acusaran de tal cousa?
- m) Decidín agardar___ toda a tarde e non chegaches.